

Estimadas familias:

Por **cambios na concesión de profesorado** de ultimísima hora tras a insistencia nas nosas solicitudes ante a administración, temos sufrido un mínimo aumento na concesión de profesorado que terá como consecuencia a **NON instalación de “mamparas” e a creación dun 5º grupo de 2º ESO.**

Os horarios e distribución de alumnado cos que xa comezamos a traballar dende o 23 de setembro serán polo tanto provisionais xa que non se dispuxo de tempo material para reorganizar todo o horario e redistribuír os espazos en virtude da máis recente actualización do noso cadro de persoal docente.

Queremos polo tanto comunicarlles que, unha vez se adopten as modificacións de horario e agrupamentos do alumnado, haberá certos aspectos que poden verse alterados, por exemplo:

- Algúns/Algunhas alumnos/as poden cambiar de grupo
- Algunhas das materias que non foron respectadas segundo a preferencia do alumnado, poderán agora ser cursadas.

Neste último punto queremos aclarar que certas materias optativas non poderán ser ofertadas por falta de alumnado suficiente que a solicite, por evitar a mobilidade dos rapaces dentro do centro, e/ou por minimizar a mestura de alumnado pertencente a diferentes grupos.

IMPORTANTE:

- 1) Durante o proceso de recomposición dos grupos e horarios, pode suceder que a aplicación ABALAR automaticamente envíe avisos ás familias ou responsables dos/as alumnas/os. Pregamos non lles dean validez até que sexan confirmados pola dirección do IES Beade en comunicación directa.
- 2) As noticias que están difundindo os medios de comunicación sobre os casos positivos do IES Beade son de alumnado que non se ten incorporado ao centro aínda.

Beade, 23 de setembro de 2020